

<b>CEP DOUTOR FLEMING</b>	MANUAL DA CALIDADE	
Misión, Visión, Valores e Estratexias do Centro	MC – Anexo F	
	Rev. 0	Páx. 1 de 2

### A razón de ser do noso Centro

### MISIÓN

A misión do noso Centro é proporcionar ó alumnado unha formación integral e personalizada, baseada no desenvolvemento de capacidades, habilidades e valores que lle permitan afrontar diferentes situacións, fomentando un espírito crítico e responsable, nun clima de traballo cooperativo e de esforzo persoal que facilite a adaptación á escola e ó contorno para acadar unha sociedade mellor.

### O noso Centro aspira a:

### VISIÓN

Converterse en referente da zona educativa pola optimización dos seus recursos e instalacións, a boa relación entre os membros que forman a súa comunidade educativa e a apertura a outros Centros e institucións.

Consolidar un clima de traballo en equipo, agradable e participativo, onde o profesorado se involucre no bo funcionamento do Centro, nos procesos de innovación e mellora continua e acade o recoñecemento da comunidade educativa.

Que o alumnado o sinta como seu, cun clima de tolerancia e respecto onde reciba unha formación de calidade que aporte valor á súa socialización e preparación intelectual cara á integración na sociedade do futuro.

### Os valores que o noso Centro considera axeitados son:

### VALORES

<p><b>Actuar sempre no círculo de influencia.</b> Traballar no círculo de influencia, no marco das posibilidades de actuación propias e non alleas.</p> <p><b>Actitude positiva e mellora persoal.</b> Basea-la boa marcha do centro nas persoas, na súa actitude positiva, na súa disposición a mellorar persoal e profesionalmente, e no autocontrol.</p> <p><b>Recoñecemento e asunción de responsabilidades.</b> Confiar nas persoas, dándolles oportunidades para que podan asumir responsabilidades e recoñece-lo traballo digno de recoñecemento.</p> <p><b>Propósito e planificación.</b> Actuar sempre cun propósito na nosa institución, nos equipos e nas reunións, e traballar cun plan e un método dende unha visión ou escenario a construír.</p> <p><b>Traballo en equipo.</b> Traballar con metodoloxía e disciplina no traballo en equipo, procurando a máxima participación, contribución, eficacia, satisfacción e rendemento no noso traballo.</p> <p><b>Participación e respecto.</b> Procurar crear un clima de participación no centro baseado no respecto á pluralidade ideolóxica. Para elo é importante busca-las causas dos problemas e non ós culpables, crear un ambiente de confianza e non de temor.</p>	<p><b>Escoita-la voz dos alumnos/as e grupos de interese.</b> Engadir valor ós destinatarios do noso traballo (clientes, internos ou externos). Considera-las súas opinións e expectativas para mellora-los nosos procesos de traballo.</p> <p><b>Relacións gaño - gañas.</b> Colaborar e comparti-lo noso coñecemento e optar por alternativas de solución “gaño - gañas” sempre que sexa posible.</p> <p><b>Seriedade, orde e limpeza.</b> Valora-la importancia da orde e da limpeza en tódalas instalacións do centro así como a seriedade e o compromiso na asunción de tarefas.</p> <p><b>Escoita e comunicación.</b> Escoitar de forma activa e mellora-la comunicación no noso centro de xeito que este sexa sentido como algo propio por todos/as e da-la información necesaria de forma clara.</p> <p><b>Orientación a Procesos.</b> Adoptar un sistema de calidade e de xestión por procesos e, tamén, unha cultura de proceso e maduración fronte ó resultado efémero, e de relación de causalidade entre procesos e resultados.</p> <p><b>Cultura de evidencia: datos e xestión visual.</b> Traballar con indicadores, baseándonos en evidencias e utilizar ferramentas que faciliten a xestión visual e a xestión baseada en datos.</p>
---	---

<b>CENTRO</b>	MANUAL DE LA CALIDAD	
Misión, Visión, Valores e Estratexias do Centro	MC-AnexoF	
	REV. 0	Pág. 2/2

**Que faremos para acada-lo anterior:**

**ESTRATÉXIAS**

- Mellora das condicións físicas do Centro. Modernización das súas infraestruturas.
- Desenvolver un sistema de protección do centro en caso de riscos e accidentes
- Desenvolver un sistema de calidade de xestión do centro, dotando o mesmo dunha estrutura organizativa, autónoma e participativa. No futuro inmediato, se esta ó noso alcance, pedi-la Certificación ISO 9001-2000.
- Formación continua e de calidade do profesorado.
- Participación en programas de ámbito comunitario
- Difusión entre o alumnado de determinados valores e tradicións.
- Potenciación da organización xeral do centro.
- Implicalo centro en proxectos de innovación educativa e tecnolóxica.
- Manter unha boa comunicación coas entidades e institucións do entorno.
- Amplía-las relacións intercentros e a realización de actividades conxuntas.
- Potencia-la imaxe do centro como referente educativo.
- Abri-lo centro a tódolos sectores que compoñen a comunidade educativa.
- Informatiza-la xestión, a documentación e a información.